



TURISMO  
DE  
GALICIA

galicia

# CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

---

**Ocupación en alojamientos turísticos INE**  
**Febreiro 2024**



Este breve informe recolle unha síntese provisional da concxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de febreiro de 2024**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento turístico da comunidade –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, címpings, turismo rural e albergues- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realizase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2023 e anteriores.

O INE estima que neste mes de febreiro abriron de media en Galicia uns 3.400 establecementos de aloxamento turístico que ofertaron pouco máis de 68 mil prazas – cifra que descende un 1,6% o dato do pasado ano-.

Apréciase neste sentido un comportamento variable a nivel das tipoloxías. En particular a oferta sobe en dúas modalidades de aloxamento -un 8% nos apartamentos turísticos e un 9% nos címpings-, mantense estable nos hoteis, e descende nas pensións -nun 3%- , nos aloxamentos de turismo rural -nun 5%- e nos albergues -nun 42% neste caso-.

## FEBREIRO 2024

Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos turísticos (INE)


TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. 24/23	Nº	Var. 24/23	Nº	Var. 24/23	%	Var. 24/23
HOTEIS	175.676	2,0%	308.298	4,1%	1,75	2,1%	30,21%	-0,17
PENSIÓNNS	26.690	9,3%	56.051	1,1%	2,10	-7,4%	16,39%	0,13
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>202.368</b>	<b>2,9%</b>	<b>364.349</b>	<b>3,7%</b>	<b>1,80</b>	<b>0,7%</b>	<b>26,74%</b>	<b>0,02</b>
APTOs. TURÍSTICOS	9.889	2,8%	27.825	0,7%	2,81	-2,0%	13,47%	-1,52
CÁMPINGS	3.911	175,8%	5.428	134,5%	1,39	-15,0%	8,24%	3,58
TURISMO RURAL	4.598	1,5%	6.696	-7,2%	1,46	-8,5%	6,46%	-0,40
ALBERGUES	5.622	-26,0%	7.353	-8,5%	1,31	23,6%	8,42%	2,90
<b>ESTAB. EXTRAHOTEL.</b>	<b>24.020</b>	<b>3,7%</b>	<b>47.302</b>	<b>4,7%</b>	<b>1,97</b>	<b>0,9%</b>	<b>-</b>	<b>-</b>
<b>TOTAL</b>	<b>226.388</b>	<b>3,0%</b>	<b>411.651</b>	<b>3,8%</b>	<b>1,82</b>	<b>0,8%</b>	<b>-</b>	<b>-</b>

- A concxuntura no segmento do aloxamento turístico en Galicia presenta agora en febreiro un comportamento positivo en termos globais áinda que con matices e diferenzas a nivel interno. Recupera así a tendencia observada en 2023 coa excepción da estabilidade rexistrada en xullo e en novembro, despois da caída puntual rexistrada en xaneiro.
- Así, a cifra de viaxeiros aloxados increméntase un 3,0% e o volume de noites un 2,5% acadando preto de 412 mil pernoctacións no conxunto do aloxamento colectivo considerado polo INE, a saber, hoteis, pensións, apartamentos turísticos, címpings, establecementos de turismo rural e albergues.



- Con esta cifra Galicia sitúase por encima do nivel rexistrado nos últimos tres anos se ben mantense áinda por debaixo do valor previo á pandemia, neste caso de febreiro de 2020 -cando se rexistraban 416 mil noites-. Cabe ter en conta, en todo caso, que as comparacións non son de todo exactas pois estes datos inclúen tamén, desde o pasado ano 2021, as cifras dos albergues -que supoñen un incremento adicional levemente superior ás sete mil noites-.
- As diferenzas non son en todo caso moi elevadas e, en realidade, cunha perspectiva temporal más ampla destaca que Galicia consegue situarse por segunda vez na serie histórica por encima das 400 mil noites neste segundo mes do ano.

*Fig. 1. Volume de noites nos establecementos turísticos (INE). Febreiro 2016-24*



- Así, tal como se observa no gráfico anterior, apréciase nos datos de 2021 o impacto da crise provocada pola Covid19 na actividade turística de Galicia -o primeiro estado de alarma declarouse en marzo de 2020-. Rexistrárase unha perda do 73% -polo confinamento domiciliario e as restricións nas viaxes e desprazamentos polo territorio nacional-, circunstancia que se recupera en boa medida en 2022. En 2023 mantense a senda positiva que se confirma agora en 2024 con subas más moderadas, do 10% e 4% respectivamente.
- Neste mes Galicia colócase como o décimo destino máis importante do Estado -descende varios postos respecto da súa posición habitual na temporada baixa-, absorbendo o 1,6% do total estatal. Canarias é o destino de maior volume e peso en termos de demanda turística con máis de 8,2 millóns de pernoctacións -o 32,6% do total-. Consolida o primeiro posto do ranking estatal por quinto mes consecutivo substituíndo a Baleares -destino de maior peso en setembro- e Cataluña -comunidade con maior volume de demanda na temporada alta-.
- Logo de Canarias sitúanse a continuación Andalucía -con preto de 4,3 millóns de noites-, Cataluña -con 3,2 millóns de pernoctacións-, a C. Valenciana -con 3,0




millóns- e Madrid –con 2,3 millóns de noites neste caso-. Estas cinco comunidades agrupan neste mes ao 83% do total da demanda turística colectiva do conxunto de España. Nun segundo grupo sitúanse Castela e León, Baleares, Aragón e o País Vasco, por diante de Galicia e dos restantes destinos do Estado.

- A nivel estatal obsérvase neste mes un comportamento relativamente homoxéneo da demanda a nivel das comunidades autónomas. Boa parte delas conseguem superar as cifras do pasado ano –quince en particular-, destacando os incrementos rexistrados en Baleares e Murcia -as dúas superan arredor dun 20% o volume de noites de febreiro de 2023-. A C. Valenciana, Madrid e Andalucía amosan tamén subas notables, do contorno do 15%, mentres que os restantes destinos amosan crecementos de menor intensidade, inferior ao 10% interanual, grupo no que se inclúe Galicia. Castela A Mancha é o destino que presenta o incremento máis moderado, do 2,6% neste caso.
- No lado contrario dúas comunidades -Aragón e A Rioxoa- sitúanse por debaixo dos niveis do pasado ano -con caídas do 5% e 7%, respectivamente-.
- Neste contexto Galicia sitúase nunha posición media-baixa e presenta o peor comportamento da demanda dentro da España Verde -co crecemento máis moderado-.
- A nivel de España o volume de demanda increméntase nun 10%. En consecuencia, o comportamento de Galicia empeora en seis puntos a media de España.
- A perspectiva en termos de peso amosa variacións de diversa índole pero de baixa intensidade. Case todas as comunidades autónomas presentan variacións inferiores ao medio punto porcentual respecto do peso que tiñan en febreiro do pasado ano, concluíndo con isto que o reparto territorial da demanda mantense relativamente estable. Marcan a excepción tres destinos: Andalucía e a C. Valenciana -que superan en preto dun punto a cuota do pasado ano- e Canarias -que perde xustamente peso en relación ao dato de 2023, nun punto porcentual-.
- O comportamento da demanda permite a unha parte dos destinos -once en particular- situarse por encima das cifras de febreiro de 2020, previas á pandemia. Navarra e o País Vasco colócanse á cabeza neste ranking, marcando maior distancia en relación aos valores de hai catro anos.
- Neste mes de febreiro o 89% da demanda nos aloxamentos turísticos corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 75%- coma ás pensións –co 14% neste caso-. O 11% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 6,8% da demanda total-, aos establecementos de turismo rural -co 1,8%- e aos albergues -co 1,6% neste caso-. Os címpings apenas teñen presenza neste mes e absorben arredor do 1% do total das noites.
- Esta estrutura apenas varía en relación ao observado nos últimos dous meses mais cambia en comparación co rexistrado no verán, por exemplo, cando se aprecia un peso importante do segmento non hoteleiro. Agora en febreiro, igual que en xaneiro




e decembro do pasado ano, perde protagonismo o segmento non hoteleiro, principalmente os cámpings e os albergues, e adquieren maior notoriedade os apartamentos turísticos.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento turístico. Febreiro 2024



- O comportamento da demanda a nivel global vén como consecuencia de contrapoñer dinámicas positivas e negativas no ámbito das diferentes tipoloxías. Así, increméntase o volume de noites no segmento hoteleiro -un 4% nos hoteis e un 1% nas pensións- así como nos cámpings -en máis do dobre neste caso-. Mantense estable nos apartamentos turísticos e descende nas dúas restantes tipoloxías -un 7% no segmento de turismo rural e un 8,5% nos albergues-.
- Neste contexto de dinámica variable destaca o incremento rexistrado nos cámpings, de elevada intensidade en termos relativos, que permite a este segmento acadar un máximo histórico de demanda con 5.400 noites. Destaca esta suba pola súa intensidade pois en realidade afecta a un volume baixo de noites.

Fig. 3. Variación interanual das noites en estab. turísticos. Febreiro 2024/23, por tipoloxías






- Con esta dinámica tres tipoloxías -os hoteis, os apartamentos turísticos e os campings- superan tamén os niveis previos á pandemia, de febreiro de 2019, con variacións de diversa intensidade. A distancia é superior no caso destes últimos -que multiplican por máis de dez as cifras de hai catro anos-. As pensións e os aloxamentos de turismo rural fican, en cambio, por debaixo das cifras anteriores á crise.
- A variación dos niveis de demanda no ámbito turístico tradúcese neste mes, en termos absolutos, nunha diferenza positiva de 15 mil pernoctacións respecto dos valores do pasado ano, dato que provén en grande medida da suba rexistrada no segmento hoteleiro -cunha variación positiva de máis de case 13 mil pernoctacións-.
- O comportamento da demanda varía nas diferentes tipoloxías de aloxamento e nas diferentes comunidades autónomas. Seis destinos -Madrid, Cataluña, C. Valenciana, Murcia, Canarias e o País Vasco- conseguem homoxeneidade completa nas variacións da demanda, con incrementos globais en relación ao pasado ano en todas as modalidades de aloxamento. Os restantes destinos conxugan tipoloxías con dinámicas positivas e negativas.
- Con carácter xeral apréciase mellor comportamento no ámbito hoteleiro que no extrahoteleiro. No primeiro, por exemplo, quince comunidades conseguem superar os niveis de 2023 -Baleares presenta o mellor comportamento en termos relativos e, no lado contrario, o País Vasco a suba máis moderada-.
- No ámbito extrahoteleiro a situación cambia levemente, cunha dinámica más variable, sendo con carácter xeral positiva. Dezenas de destinos superan os niveis de demanda de 2023 nos apartamentos turísticos -Cantabria presenta a suba máis notoria, cun incremento do 43%-, nove melloran as cifras no ámbito dos campings -marcando neste caso Galicia o incremento más notorio-, sete destinos superan os niveis do pasado ano no segmento de turismo rural -con Murcia á cabeza en intensidade de crecemento-, e once melloran os volumes de demanda nos albergues -con Asturias liderando o crecemento no conxunto do Estado-.
- Galicia colócase neste caso en posicións variables, con mellor comportamento relativo nos campings -nesta última é a comunidade coa taxa de crecemento más elevada-, e peor comportamento no segmento hoteleiro e nos albergues. En termos de demanda Galicia é a décima con maior volume no segmento hoteleiro, apartamentos turísticos e albergues, mais ocupa lugares máis baixos nos campings e no ámbito do turismo rural.
- Neste mes o 79% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional, que engloba ao interno -dos residentes en Galicia, segmento que supón o 36% do total- e ao que procede das restantes comunidades autónomas -mercado receptor nacional, que representa o 43%- . O mercado internacional absorbe o 21% do total da demanda. Esta estrutura apenas cambia respecto do observado nos últimos meses, axustándose ao propio dun período de temporda baixa.
- Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e cambian levemente en relación ao observado desde o lado dos viaxeiros aloxados. Neste caso o peso do mercado nacional ascende ao 81%, cun 40% para o interno e 41% para o que



procede do resto do Estado, ficando o 19% restante para o estranxeiro -distribución equivalente á observada no pasado mes de xaneiro-.


Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto do aloxamento colectivo. Febreiro 2024



- A nivel de mercados obsérvase un comportamento algo dispar neste mes. O mercado interno descende levemente en relación ao pasado ano -o volume de noites dos residentes cae un 1%- e, en cambio, o receptor increménțase en proporcións variables -nun 9% aquel de ámbito nacional e nun 2% o internacional-.
- O mercado receptor nacional reforza a dinámica positiva dos últimos tres meses consolidando o crecemento da demanda na temporda baixa. O segmento internacional recupera a sensación positiva observada en 2023 logo de estabilizarse puntualmente no pasado mes de xaneiro.
- O mercado interno, en cambio, mantense na tendencia negativa e repite valores inferiores aos do pasado ano.
- A diferenza de comportamento en relación ao pasado ano leva a un cambio na estrutura da demanda, diminuíndo o peso do turismo interno -en case dous puntos porcentuais- e incrementándose en paralelo o peso do mercado receptor nacional - en dous puntos neste caso-. O segmento internacional presenta unha variación de baixa intensidade, pouco perceptible, cun peso parelllo ao do pasado ano.
- Isto leva a que o segmento interno acade un mínimo histórico de peso dentro da estrutura da demanda en Galicia neste segundo mes do ano cun 36% do total - habitualmente representaba máis do 40% do total da demanda-. O mercado internacional, en cambio, mantense por encima do 20% de cuota global por segundo ano consecutivo.



Fig. 5. Var. Noites por procedencia e tipo do aloxamento. Febreiro 2024/23




- O comportamento dos dous grandes segmentos de mercado -neste caso o nacional e internacional- varía levemente en relación ás tipoloxías de aloxamento consideradas. Neste sentido presenta maior homoxeneidade o turismo nacional que sobe e mellora as cifras do pasado ano en catro modalidades -no segmento hoteleiro, cámpings e albergues-, manténdose estable nos apartamentos turísticos e descendendo unicamente no ámbito do turismo rural.
- O mercado internacional amosa unha dinámica más dispar e variable, con resultados positivos nos hoteis, apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural e resultados negativos nas pensións, cámpings e sobre todo nos albergues.
- Así pois unha soa modalidade -os hoteis neste caso- presentan un comportamento positivo dos dous grandes segmentos de mercado, con incrementos de diversa intensidade.
- No ámbito hoteleiro a dinámica dos dous segmentos de mercado é tamén dispar. Así, o turismo de ámbito nacional presenta un comportamento positivo, superando as cifras do pasado ano, nos hoteis de catro e cinco estrelas, naqueles dunha estrela e nas pensións de tres e dúas estrelas. Descende, en cambio, nos hoteis de dúas estrelas e pensións dunha estrela.
- O mercado internacional amosa unha dinámica positiva únicamente nos hoteis de catro e cinco estrelas, e naqueles de dúas estrelas. Nas restantes categorías mantense estable ou descende en termos interanuais.
- A estadía media global sitúase en 1,8 noites, cifra que se mantén relativamente estable en relación ao pasado ano. En realidade, a estadía media apenas presentou variacións significativas nos últimos anos pois desde 2015 sitúase sempre entre 1,8 e 1,9 noites neste mes de febreiro -coa excepción de 2021 cando, por mor da pandemia, a cifra ascende a 2,5 noites-.



- Os apartamentos turísticos rexistran neste mes a cifra máis alta do conxunto da oferta -con 2,8 noites de media-, marcando diferenza coas restantes modalidades que fican ben por encima das dúas noites -caso das pensións, con 2,1 noites- ou por debaixo dessa cifra -con 1,8 noites os hoteis, 1,5 noites os aloxamentos de turismo rural, 1,4 noites os címpings e 1,3 noites os albergues-.

*Fig. 6. Estadía media nos establecementos turísticos. Febreiro 2024*




- En termos dinámicos a estadía media increméntase nos hoteis -nun 2%- e nos albergues -nun 24% neste caso- e descende nas restantes catro tipoloxías -con maior intensidade nos címpings, nun 15% neste caso-.
- A estadía media de Galicia sitúase entre as más baixas do conxunto do Estado. Canarias, con 6,9 noites, marca o valor máis elevado agora en febreiro –tal como acontece en praticamente todos os meses-. Seguen en orde de importancia a C. Valenciana -con 3,9 noites de media- e Baleares -con 3,8 noites neste caso-. No lado contrario Castela e León marca o valor máis baixo con xustamente 1,8 noites de media.
- En termos dinámicos a estadía media increméntase en sete comunidades autónomas -de forma máis intensa en Cantabria-, mantense estable en catro, e descende nos restantes seis destinos, en proporcións variables pero non moi significativas.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento tamén dispar neste mes. Dúas modalidades melloran as porcentaxes do pasado ano -en máis de tres puntos os címpings como consecuencia do crecemento da demanda, e en tres puntos os albergues por mor neste caso dun descenso da oferta superior en intensidade á caída da demanda-.
- O nivel de ocupación mantense estable nos hoteis, nas pensións e nos aloxamentos de turismo rural -por variacións parellas da oferta e da demanda- e descende



unicamente nos apartamentos turísticos -en algo máis dun punto porcentual neste caso, como consecuencia dun incremento da oferta dispoñible nun contexto no que a demanda mantense relativamente estable-.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. turísticos. Febreiro 2024



- Os hoteis continúan rexistrando a porcentaxe de ocupación máis alta do conxunto da oferta de aloxamento, cun 30,2% de media neste mes. As restantes modalidades presentan unha cifra inferior, cun 16,4% as pensións, un 13,5% os apartamentos turísticos e menos do 10% as tres restantes modalidades.
- Neste mes a cifra máis baixa queda novamente nos cámpings, cun 6,5% de media neste caso.